

BLUE GIANT

Yuzuru Tachikawa, 2024

1410

ESTREA EN NUMAX: 24.11.2024 | V.O.S.E. | TP | 120 min

Miyamoto Dai é un estudante con paixón polo baloncesto, pero tras ver por vez primeira unha sesión de jazz ao vivo, muda a súa visión da vida, decidindo dedicarse ao saxofón. Dai non ten nin talento natural, nin adestramento, nin idea do que terá que traballar pero a súa obsesión polo saxofón lévao a tocar día tras día.

«É un filme para ver co corazón e os oídos dispostos a deixarse levar»

Kavin Nguyen, THE VERGE



Emoción en cada nota

Por Eduardo Bernal

O cinema de animación sempre tivo algo moi especial, pois confire aos artistas destas películas unha natureza divina, converténdooos en deuses capaces de imprimir de ánima, de alma, a seres a priori inertes. Por iso podemos denominar de milagre, no sentido máis literal posible, as obras feitas desde esta maneira de achegarse á ficción, máis aínda cando estas pezas fílmicas non se conforman con servir como mero pasatempo familiar e se atreven a indagar no máis profundo da condición humana, deixando pegada a través de mensaxes realmente penetrantes no espectador máis permeable e de ferramentas visuais máis aló do efectismo barato.

Nestes mesteres, o cinema de animación xaponés sempre estivo uns chanzos por riba da inmensa maioría de industrias e soubo calar en todas as idades e todos os estamentos da sociedade. O mercado do *manganime*, lonxe de extinguirse, non fai máis que expandirse (a pesar dos malos agoiros por parte de moitos especialistas na materia sobre o futuro máis próximo) e filmes como o que esta semana se estrea nos nosos cinemas chegan a decenas de países de todo o mundo para seducir a público de toda condición.

Yuzuru Tachikawa, director de *Detective Conan: Black Iron Submarine* (2023) e de series con gran predicamento entre os *otakus* como *Mob Psycho 100* (2015) ou *Death Parade* (2016), estrea en España, por medio da distribuidora Selecta Visión (selo que apostou fortemente desde o seu nacemento pola animación xaponesa, converténdose en todo un referente nacional neste mercado), a súa nova fita, *Blue Giant*, unha das grandes e máis gratas sorpresas do pasado ano que cativou a miles de espectadores en todos os países onde se estreou, constituíndose para moitos como unha das mellores películas de animación de 2023. E non é para menos, pois Tachikawa trasladou o manga de Shinichi Ishizuka á gran pantalla da mellor maneira posible, transformando en abraiante melodía o que se intuía nas páxinas da obra orixinal. Podemos dicir, sen medo a equivocarnos, que nunca un manga tivera tan xustificada a súa adaptación ao cinema, unha película que enche de embriagadoras notas musicais cada un dos seus fotogramas, convertendo a clásica historia de nacemento-auxe-caída dun grupo de jazz nunha experiencia cativadora, engadindo de forma impecable o seu dominio musical e o seu poderío visual, coidando cada detalle na animación e cada achega sonora á narrativa sen perder certo grao de experimentación artística.

Talvez a nivel argumental non achegue nada novo polo mencionado anteriormente, pero non o necesita, pois a súa maior virtude radica no sensorial. Tampouco require dunha remarcada evolución de personaxes, quedando algo reiterativa a historia no seu segundo acto, pero iso non consegue lastrar unha obra con moito corazón onde abundan mensaxes tan necesarias como o do valor da amizade, a importancia da persistencia na persecución dos nosos soños ou a capacidade que todos temos de sobrepoñernos ás dificultades da vida. *Blue Giant* logra o que fai que as grandes películas o sexan: equilibrar á perfección forma e fondo sen perder un chisco de alma no seu labor, con agarimo en cada plano e emoción en cada nota.

Publicado en la-fm.es